

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****REDONDELA****Persoal, oposicións**

LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS, TRIBUNAL CUALIFICADOR E DATA DE REALIZACIÓN DO 1.º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR PRAZAS VACANTES DE PERSOAL FUNCIONARIO

ANUNCIO

Por Resolución do alcalde, núm. 2019-1078, con data de 17/04/2019 aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas, o tribunal cualificador e a data de realización do 1.º exercicio da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario do Concello de Redondela, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2016 e 2017, na cal se establece o seguinte:

“RESOLUCIÓN

O alcalde ditou a resolución núm. 2019-0687, con data de 07/03/2019, pola que aprobaba a lista provisional de persoas admitidas no proceso selectivo que se convocou para cubrir 2 prazas vacantes de AUXILIAR DA ADMINISTRACIÓN XERAL (Persoal Funcionario), por promoción interna, unha delas reservada a persoas con discapacidade, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2016 e 2017, que se publicou no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm.: 55, do 20/03/2019.

O día 03/04/2019 finalizou o prazo establecido de 10 días hábiles para presentar reclamacións ou para subsanar outra documentación non excluínte.

Tras resolver a alegación que se presentou contra a lista provisional durante o antedito prazo, é polo que, de conformidade coas bases xerais que regulan a convocatoria para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela e de acordo coas bases específicas da convocatoria que foron publicadas no BOPPO núm.: 3, do 04/01/2019,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Elevar a definitiva a lista provisional de persoas admitidas no proceso selectivo que se convocou para cubrir 2 prazas de AUXILIAR DA ADMINISTRACIÓN XERAL (Persoal Funcionario), por promoción interna, unha delas reservada a persoas con discapacidade.

SEGUNDO: Designar o tribunal cualificador do proceso selectivo que se convocou para cubrir 2 prazas de AUXILIAR DA ADMINISTRACIÓN XERAL (Persoal Funcionario), por promoción interna, unha delas reservada a persoas con discapacidade, que estará integrado polos seguintes membros:



Xoves, 25 de abril de 2019

Núm. 79

PRESIDENTE:

Titular: Xosé Ramón Mato Lodeiro

Suplente: M.^a Cruz Castro Quinteiro

SECRETARIA:

Titular: M.^a del Carmen López Duarte

Suplente: Elisa Vieites Piquenque

VOGAIS:

Titular: Sara Covela Rúa

Suplente: M.^a Carmen Pérez Vaquero

Titular: Lorena Canosa Vieitez

Suplente: Manuela Docampo Pintos

Titular: Alberto Arosa Landín

Suplente: M.^a Lourdes Fernández Arines

TERCEIRO: A data de constitución do tribunal cualificador deste proceso selectivo será o:

DÍA: 28/05/2019

HORA: 09:00

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n.

CUARTO: As persoas aspirantes quedan convocadas para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición o:

DÍA: 30/05/2019

HORA: 12:00

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n.

QUINTO: Publicar no BOPPO, na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello a relación definitiva de persoas admitidas, o tribunal cualificador e a data de inicio da fase de oposición deste proceso selectivo.



Xoves, 25 de abril de 2019

Núm. 79

SEXTO: Contra a resolución do alcalde aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta resolución (artigo 124, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Vigo, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso -administrativa.

Redondela, 17 de abril de 2019

O alcalde

Javier Bas Corugeira

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

